

A
AVELAÍÑA

Bolboreta que, se é negra anuncia desgrazas e se é branca anuncia cousas positivas.

B
BALURO

Tribo mal mirada por exercer artes de engano ou de maxia.

C
CANOURO

Ser que vive nos campos e provoca pesadelos e insomnio.

D
DEMO-NEGRO

O peor dos demos. Carrexa almas para o inferno. Transfórmase para asustar e provocar a morte

E
ESTADEA

Santa Compañía ou procesión de mortos.

F
FORCADELA

Insecto tamén chamado Cadela de Frade, que perfora o tímpano e causa dor, loucura e morte.

G
GUAPO DAS MEDIAS BRANCAS

Home que de vivo vestía medias brancas e de morto anuncia a morte das persoas coas que se atopa

H
HOME DO SACO

Coco para asustar a nenas e nenos. Dise que os mete nun saco que leva.

I
INORME ENCANTADORA

Elixir ou apócema para espantar as bruxas.

L
LUMIA

Muller con corpo de dragón que vive en covas ou cerca das fontes ou ríos. Encanta e devora as persoas.

M
MAN PELUDA

Trasno que adopta a figura dunha man grande e peluda. Afoga as persoas apertándolles a gorxa e causa pesadelos.

N
NUBEIRA

Ser maligno e resentido que provoca treboadas moi fortes.

O
OLLÁPARO

Xigante antropófago cun só ollo. Moi feroz e comellón. Vive en cavernas e nos montes.

P
PEPA A LOBA

Bandoleira imaxinaria que andou por toda Galicia. Dise que roubaba aos ricos e dáballes aos pobres.

Q
QUEIMAVELLAS

Persoas que queimaron e coceron unha vella bruxa que tiña aterrizada a veciñanza.

R
RALO

Alacrán. Insecto imaxinario velenoso. Vive baixo terra, ten cabeza enorme e patas de toupa.

S
SUMICIO

Trasno invisible. Fai desaparecer as cousas da casa no momento en que se necesitan.

T
TARDO

Trasno perverso. Pequeno, verde e con moitos dentes. Odia a cans e gatos e fai moitas trasnadas. Busca a calor nas casas.

U
URCO

Can que avisa da morte. Nas noites escuras e de treboada arrástrase polos camiños e ouvea. Sae do mar e volve ao mar.

V
VEDOIRA

Adiviñadora. Pode ver o invisible, tamén o futuro e os seres doutro mundo.

X
XANS

Pantasma de vivos. Son as nosas sombras ou dobres. Ás veces van en procesión .


Z
ZUCIO

Demo que posúe a unha persoa e cáusalles o Ramo Cativo (doenza causada cando entra nun humano o Demo maior).



ABECEDARIO DE SERES DOUTRO MUNDO

ADAPTACIÓN DO DICCIONARIO DE SERES MÍTICOS GALEGOS DE XOÁN R. CUBA; XOSÉ MIRANDA; ANTONIO REIGOSA (ED. XERAIS)



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

